

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

EXPEDIENTE N.º: 2010/2001 (3 lotes)

OBXECTO DO CONTRATO: mantemento e limpeza de cubertas, patios interiores, canos e sumidoiros dos edificios da Universidade da Coruña

CENTRO DE GASTO: Xerencia

CENTRO/DEPARTAMENTO/SERVIZO: Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA OS TRABALLOS DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE CUBERTAS, PATIOS INTERIORES, CANOS E SUMIDOIROS DOS EDIFICIOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1.- OBXECTO: Ten por obxecto o presente Prego a fixación das condicións de carácter técnico as que deberán axeitarse os traballos de mantemento de limpeza de cubertas, patios interiores, canos e sumidoiros de calquera clase que pertencen aos edificios da Universidade da Coruña.

2.- TIPOS DE TRABALLOS: de seguido establécese unha tipoloxía xeral das cubertas existentes na actualidade, e das operacións e traballos que suporá o seu mantemento e limpeza.

2.1.- Azoteas non transitables

Como criterio xeral de mantemento non se recibirán sobre a azotea elementos que poidan furar a membrana impermeabilizante ou dificulten o seu desaugado, como é o caso das antenas e mastros que deberán estar suxeitos ós paramentos.

O persoal de inspección, conservación e reparación, deberá ir provisto de calzado con sola branda.

Cada mes, levarase unha revisión dos faldrons, inspeccionando a posible aparición de pingueiras ou calquera tipo de lesión.

No caso de observar algún destes síntomas darase conta deseguido ao Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos da Universidade, para o seu estudo e ditame, das reparacións que deban de efectuarse.



Cada trimestre, comprobarase o recubrimento de grava miúda ou grixo, observando se algunha zona do faldrón se presenta ao descuberto, e no seu caso, estenderase a grava miúda ata acadar o espesor mínimo de 3 cm.

Cada seis meses ou antes, se fose apreciada algunha anomalía, revisaranse as xuntas de dilatación e as lima foias, reparando os desperfetos que se atopen.

No encontro do faldrón co sumidoiro, limparase cada mes a caldereta e mais a reixa. En época de xeadas eliminarase o xeo que se forme sobre a reixa, en evitación da obstrución do desaugadoiro.

Os canos das augas de calquera sección ou material, deberán limparse como mínimo cada seis meses e sempre que se produza a acumulación de terras, follaxe e outros restos vexetais, feces de aves, etc que poidan impedir a correcta evacuación das augas pluviais da terraza.

2.2 Azoteas transitables

A mais dos trabalos antes expresados para as azoteas non transitables, teranse que facer os seguintes:

Nos encontros coa cazoleta para o desaugadoiro limparase a reixa cada mes, comprobando o peche sifónico, reparando no prazo mais corto posible calquera penetración de auga debida a deficiencias na cazoleta.

Os canos de calquera sección ou material deberan limparse cada dous meses, reparando tamén no prazo mais corto posible calquera penetración de auga debida a fallos nos canos.

Dous veces ó ano efectuarase unha revisión de todos os encontros cos paramentos verticais, reparando todas aquelas anomalías que se poidan apreciar.

2.3 Claraboias e lumieiras

En calquera tipo de claraboia (circular, rectangular ou piramidal) cada ano comprobarase o estado da cúpula, de membrana impermeabilizante e mais elementos de suxeición, reparando os encontros que se encontren.





2.4 Tellados de placas de fibrocemento

Para a inspección ou traballos de reparación neste tipo de tellados, é necesario dispor de taboleiros ou pasarelas que permitan a permanencia e o paso dos operarios, de xeito que estes non pisen directamente sobre as placas.

Os operarios iran provistos de arnés de seguridade homologado que irá ancorados nas arandelas de seguridade ou "liñas de vida" se estivesen dispostas e sitas nos faldróns da cuberta.

Cada trimestre revisarase o tellado reparando os danos observados con materiais análogos á construción orixinal sen ningún cargo na man de obra da reparación.

Cada trimestre, procederase á limpeza dos canos, da follaxe e terras dos canos de augas e das lima foias, agás no outono, que se fará durante todos os meses.

2.5 Tellados de aleacións lixeiras ou de cobre.

A cobertura de chapas lisas ou conformadas de aluminio ou chapa lacada será accesible soamente para a súa conservación. Para esta operación estableceranse, cando se requira, camiños de circulación, con taboleiros ou pasarelas, adaptados as pendentes da cuberta, de xeito que o operario, non pise directamente sobre as chapas cando o seu espesor sexa inferior a 0,7 mm. ou a súa pendente superior a 40°. Estes dispositivos son recomendables en xeral para non danar as chapas, aínda que a súa resistencia sexa dabondo para termar das cargas puntuais de conservación.

O persoal encargado deste traballo irá provisto de calzado axeitado e arneses de seguridade homologados, para fixalas a puntos de ancoraxe, segundo a normativa vixente.

Cada trimestre revisaranse reparando os defectos observados con materiais de execución análogos ós da construción orixinal.

Os canos deberán limparse cada tres meses, salvo en caso de necesidade, por caída masiva de follas ou outras causas que poidan causar un mal funcionamento deste, en cuxo caso deberá facerse no momento da súa detección.

2.6 Tellados sintéticos (bandas de iluminación con placas de poliéster reforzado, PVC ríxido e metacrilato).



Para a inspección de traballos de reparación e mantemento, é necesario dispor taboleiros ou pasarelas apoiando sobre os muros sobre tres correas da cuberta, que permitan a permanencia e paso dos operarios, de xeito que estes non pisen directamente sobre as placas.


O persoal encargado deste traballo irá provisto de calzado axeitado e arneses de seguridade homologados, para fixalas a puntos de ancoraxe, segundo a normativa vixente.

Cada trimestre revisaranse reparando os defectos observados con materiais de execución análogos ós da construción orixinal.

Os canos deberán limparse cada tres meses, salvo en caso de necesidade, por caída masiva de follas ou outras causas que poidan causar un mal funcionamento deste, en cuxo caso deberá facerse no momento da súa detección.

2.7 Tellados de tellas

Como criterio sinálase que a cuberta con tellas será accesible soamente para conservación e mantemento.



O persoal encargado deste traballo irá provisto de calzado axeitado e arneses de seguridade homologados, para fixalas a puntos de ancoraxe, segundo a normativa vixente.

As reparacións que sexan necesarias levar a cabo, ben por estrago ou obras realizadas que lle afecten, realizaranse con materiais e execución semellante ao de construción orixinal sen ningún cargo na man de obra da reparación.

Os canos deberán limparse cada tres meses, salvo en caso de necesidade, por caída masiva de follas ou outras causas que poidan causar un mal funcionamento deste, en cuxo caso deberá facerse no momento da súa detección.

Non se transitará sobre a cuberta cando as tellas estean molladas.

Os faldrons revisaranse mensualmente, reparándose os defectos de estanquidade ou suxeición que poidan observarse.



Os ganchos de servizo que poidan estar colocados non se utilizarán para cargas que superen os 100 Kg. Antes de seu emprego se deberá comprobar a suxeición, afianzándonos si fose necesario.

Os canos deberán limparse cada tres meses, salvo en caso de necesidade, por caída masiva de follas ou outras causas que poidan causar un mal funcionamento deste, en cuxo caso deberá facerse no momento da súa detección.

Cando se aprecie algún cedemento na pendente dun faldrón da cuberta, levantarase a superficie afectada e darase conta ao servizo de arquitectura da universidade, quen estudiará a causa, dictaminará á súa importancia e, non seu caso, as reparacións que deban efectuarse.

2.8 Tellados de Zinc

Estes tellados serán accesibles unicamente para a súa conservación e mantemento.

O persoal encargado deste traballo irá provisto de calzado axeitado e arneses de seguridade homologados, para fixalas a puntos de ancoraxe, segundo a normativa vixente.

Os materiais ou elementos de cobertura que por mor de golpes, accións non previstas ou envellecemento natural, roturas, aboladuras ou danos deberán repoñerse con materiais semellantes ós existentes e en iguais condicións de execución e posta en obra.

Cada mes revisaranse os faldróns e si se observase algún defecto de estanqueidade ou de suxeición, darase aviso de contado ao Servizo de Arquitectura para o seu estudio ou reparación.

Os canos deberán limparse cada tres meses, salvo en caso de necesidade, por caída masiva de follas ou outras causas que poidan causar un mal funcionamento deste, en cuxo caso deberá facerse no momento da súa detección.

Tamén se revisarán estes canos por se se producise algunha anormalidade na súa estanquidade ou suxeición, co obxecto de proceder á reparación destes defectos si se comprobase a súa existencia.

Co respecto ás medidas de seguridade nos traballos de mantemento e limpeza, se tomarán as xa indicadas medidas para outro tipo de faldróns inclinados.





2.9 Tellas de lousa

As cubertas de lousa serán accesibles soamente para a súa conservación por persoal cualificado.

O persoal encargado deste traballo irá provisto de calzado axeitado e arneses de seguridade homologados, para fixalas a puntos de ancoraxe, segundo a normativa vixente.

Cada mes revisaranse os faldrons e si se observase algún defecto de estanquidade ou de suxeición, darase aviso de contado ao Servizo de Arquitectura para o seu estudio ou reparación.

Os ganchos de servizo que poidan estar colocados non se utilizarán para cargas que superen os 100 Kg. Antes de seu emprego se deberá comprobar a suxeición, afianzándonos si fose necesario.

Cada ano revisarase o cano de recollida de augas pluviais, reparando os defectos que se puideran observar na súa estanquidade ou de suxeición, con materiais e execución semellante a os da construción orixinal e retirando a sucidade que poida terse acumulado sen ningún cargo na man de obra da reparación.

É obrigatorio, ao ir a pasar as revisións, avisar a algún responsable do centro que ao final da intervención dea o seu visto e prace aos traballos realizados, deixando unha copia no centro e presentando outra copia coas facturas.

Os traballos que quedan expresados inclúen na adxudicación o custe da man de obra, e mais os desprazamentos gratis polos avisos de avaría (mantemento correctivo) que se produzan durante a vixencia do contrato de adxudicación, do presente servizo de mantemento das instalacións descritas.

- Todas as deficiencias atopadas pendentes de resolución serán comunicadas en forma de memoria trimestral, tendo en conta todas as reformas a acometer. Por tanto deberán de levar unha valoración económica pola súa emenda.

- Os citados informes elaboraranse antes do día 15. O incumprimento dos prazos na realización das revisións na data prevista ou na elaboración dos informes poderá dar lugar a unha penalización do 2% na facturación correspondente

- Asemade, nesta memoria listaranse as melloras a levar a cabo para as instalacións obxecto do contrato. Estas melloras deberán de levar unha valoración económica pola súa subsanación.





- As reparacións correctivas deberán ter un período mínimo de garantía de 12 meses a partir da data da súa realización.

- O servizo de conservación efectuarase dentro do horario normal de traballo, en consecuencia terán acceso ao edificio, previa autorización correspondente; que se obterá, poñéndose en contacto co Responsable da UDC para acordar a data de realización da visita, polo menos con 48 horas antes da mesma.

- O adxudicatario será responsable dos danos ocasionados como consecuencia da prestación dos servizos, polo que deberá acreditar a subscripción dunha póliza de responsabilidade civil por danos a persoas ou bens que puideran producir os seus operarios ou os elementos que manteñen. Á firma do contrato deberá achegar unha copia de dita póliza, que cubra a contía establecida pola normativa vixente.

O prezo deste servizo incluírá o mantemento e os traballos necesarios para o bo funcionamento das instalacións obxecto de contratación, reflectidas neste prego de prescricións.

Presentarase un plan de seguridade e saúde dos traballos a realizar, así como relación de medios de que dispón para a realización destes.

Relación de Centros da Universidade da Coruña

Lote 1:

Zapateira - Elviña

- Facultade de Ciencias y Anexo
- Facultade de Filoloxía
- E.T.S. Arquitectura
- E.U.Arquitectura Técnica
- SAPE (Casa do Francés)
- Edificio de Departamentos da E.T.S.Arquitectura
- Despachos en aparcadoiro da Facultade de Ciencias
- Dependencias deportivas
- Unidade mixta de investigación
- Facultade de Informática
- Facultade de Dereito
- Facultade de CC. Educación




- Edificio das Facultades de Socioloxía e da Facultad de Ciencias da Comunicación
- E.T.S. Camiños, Canais e Portos
- Pavillón de Estudantes – LERD
- Casa do Lagar
- Pavillón de Deportes
- Estadio de Atletismo
- CITEEC
- Facultade de CC. Económicas e E.U. Estudos Empresariais
- CITIC
- Anexo CITIC
- CICA
- Xoana Capdevielle
- Edificio Servizos Centrais de Investigación

Lote 2:

Campus de Ferrol

- Facultade de Humanidades
- Escola Politécnica Superior
- E.U.Enfermería e Podoloxía
- Casa do Patín
- Vicerreitoría Campus de Ferrol
- Edificio de Usos Administrativos
- Salón de Actos – Departamentos de Humanidades
- CIT
- E.U. Deseño Industrial
- Edificio de Apoio ao Estudo
- E.U. Relacións laborais
- Edificio de Talleres Tecnolóxicos
- Centro Cívico
- Novos laboratorios do CIT (antigo comedor universitario)
- E.U.Politécnica de Serantes – Casa do cura





Lote 3:

Maestranza, Club Universitario, Riazor, Oza y Bastiagueiro

- Reitoría
- Club Universitario
- Pazo de Lóngora
- Fac.Ciencias do Deporte e a Educación Física
- E.T.S. Náutica e Maquinas
- CUR
- Centro Cultural de Riazor
- Pavillón de Deportes de Riazor
- E.U. Fisioterapia
- Terapia ocupacional
- Edificio de usos administrativos (Pavillón Modernista)
- Comedor Universitario
- O Fortín

A Coruña,

O arquitecto técnico

Servizo de Arquitectura, urbanismo e equipamento

Gabriel Pita da Veiga Vázquez.

VALOR ESTIMADO (IVE excluído): 135.000,00 €

IMPORTE IVE (18 %) : 24.300,00 €

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 159.300,00 €

A Coruña, 26 de abril de 2010

Asdo. Gabriel Pita da Veiga Vázquez

Asdo. Roi Salgueiro Barrio Asdo.

V. e pr.
O xerente

M^º Xosé Grele Barreiro